

**DÚAS FERRAMENTAS PARA O ESTUDO DA VARIACIÓN EN GALEGO: DICCIONARIO DE FRECUENCIAS  
E FLEXIONADOR**

**EVA MARÍA DOMÍNGUEZ NOYA** (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades /  
Universidade de Santiago de Compostela)

**VÍTOR MÍGUEZ** (Universidade de Santiago de Compostela)

Partindo dunha perspectiva teórica baseada en lingüística de corpus, presentaremos nesta contribución dúas ferramentas que sen dúbida favorecerán nos próximos anos o desenvolvemento de estudos relacionados coa variación en galego: un dicionario de frecuencias e mais un flexionador.

En primeiro lugar, tras dar conta brevemente dos precedentes, amosaremos o dicionario de frecuencias dinámico que está integrado no CORGA. Para iso situaremos a ferramenta dentro da aplicación de consulta e realizaremos un pequeno estudo de caso coa recuperación de datos da denominación pagá e cristiá dos días da semana: observaremos como se distribúen cronoloxicamente ao longo do corpus e mais por xénero textual e, incrementando a granularidade, mesmo por tipo de documento. Cómpre subliñar que, seguindo a derrota iniciada polo CORGA, corpus coma ESLORA, CAES ou CORPES incorporan xa dicionarios de frecuencias.

En segundo termo, tras algúns precedentes, presentaremos un flexionador integral para o galego (verbal e nominal) que bebe da base de datos léxica que manexa o etiquetador XIADA e que se conecta co sistema de consultas do CORGA. Describiremos as súas características máis salientables a través da flexión de dous lemas (*circular* e *tenente*).

Por último, ofreceremos unhas breves conclusións entre as que cómpre destacar que os avances en lingüística computacional simplifican e optimizan a análise lingüística, así como a utilidade que as ferramentas descritas ofrecen para o estudo da variación léxica e gramatical en galego.